

AS FILLAS BRAVAS E O MITO DE CASANDRA: TEATRO CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Máis información: Xana García | 635140100 | prensa@grupochevere.eu



As Fillas Bravas son tres pandeireteiras do lugar de Momán, parroquia de Padrenda, concello de Trabancas, que cantan coplas e contan contos escoitados ou inventados, con moita retranca e non menos sabedoría.

Nesta nova obra, As Fillas Bravas usan as fontes do teatro clásico grego e da música tradicional galega como ferramentas para artellar a súa singular conversa cantada.

As Fillas Bravas e o mito de Casandra é, por un lado, unha obra na que tres mulleres maiores tratan de entender o cambio climático e facerlle fronte aplicando os saberes e a experiencia dunha vida longa no rural. E, por outro, é unha obra con perspectiva de xénero á procura de personaxes femininos empoderados, colocando o foco nunha muller afirmativa, autónoma, creativa e implicada na colectividade.

SOBRE O MITO DE CASANDRA E O CAMBIO CLIMÁTICO

Cassandra, filla do rei de Troia, era tan fermosa que Apolo ofreceulle o don da profecía, se aceptaba converterse na súa amante. Ela aceptou. Pero cando Apolo se lle achegou ela negouse. O deus, ofendido, pensa un castigo exemplar, sen deixar de cumprir a palabra dada: concédelle a Cassandra o don de predecir o futuro, co engadido dunha maldición incontestable, ninguén vai acreditar no que ela di. E así foi. Cassandra tratou de alertar sobre a verdadeira natureza do cabalo de Troia e a caída da cidade en mans do exército grego, pero axiña descubriu que coñecer o futuro non serve de nada se ninguén cre no que dis.

Na actualidade, a maldición de Cassandra materialízase nas persoas que se dedican á investigación científica. A ciencia trata de comprender, respectar e actuar acorde coas leis do universo, pero poucas veces se lle fai caso e a comunidade científica ve como a sociedade camiña irremediabilmente cara un desenlace que se podería evitar. Un exemplo perfecto disto é o cambio climático, do que a comunidade científica de todo o mundo leva alertando como mínimo desde os anos setenta, sen que ninguén lle conceda a credibilidade que merece..

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

En escena: Patricia de Lorenzo (Isaura), Mónica García (Dosinda), Arantza Villar (Benedita). Dirección e dramaturxia: Xron. Escrita: Manuel Cortés. Técnica: Xacobe Martínez Antelo/Fidel Vázquez. Asesoramento musical: Inés Portela. Comunicación: Xana García. Gráfica: Yoseba Muruzábal. Atrezzo e roupas: Maribel Gómez. Duración: 55 minutos. Unha produción Chévere, co apoio da Agadic/Xunta de Galicia e a colaboración do Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental-SEPA, do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC.

QUE DI DE NÓS A CRÍTICA?

Roberto Pascual *Diario Cultural*

Un espectáculo memorable [...] que nos fai ver o empoderamento da muller do rural

Afonso Becerra Artezblai,

Patricia, Mónica y Arantza hacen una interpretación cariñosa y celebratoria de las mujeres del rural gallego. Mujeres mayores a todos los efectos, no solo de edad sino también de sabiduría y solidaridad. Una interpretación que, como acabo de apuntar, sin recurrir a la parodia ni a la caricatura, (re)produce el humor, la retranca, la ironía y la malicia más benéficas, autóctonas y, a la vez, auténticas. Mujeres de lo común, en un registro muy popular, que, sin embargo, nos descubren su profunda excepcionalidad..

Iván Fernández Praza Pública

As tres señoras desenvolven o seu show, cantigas escritas por elas onde falan dos temas que lles preocupan, ao tempo que o envolven cun aire de familiaridade, tenro e perfectamente artellado, cheo de xestos casuais e efectos causais nos que todxs poderíamos recoñecer a alguén coñecido: a nosa tía, a nosa avoa, a nosa veciña, marabillosamente representadas polo trío de actrices protagonistas.

Tal é a arte de Chévere: a de meterche toda unha crítica a como a humanidade deu nocambio climático, sen te decatarse case do que están a falar, de tanto que te estás a rir.



O EQUIPO ARTÍSTICO

Patricia de Lorenzo, A Coruña, 1971

Inicia a súa traxectoria en 1990. Desde entón traballa ininterrompidamente en diferentes disciplinas como teatro, música, dobraxe e audiovisual. En 1994 incorpórase a Chévere, onde ademais desenvolve labores de dirección, administración, produción e xestión da compañía. Participou como actriz en todas as montaxes de Chévere desde 1994, destacando o seu traballo en Annus Horribilis, Ana Pudor, Río Bravo 02, Testosterona, Citizen, Eurozone, Ultranoite no País dos Ananos, As Fillas Bravas, Eroski Paraíso, Divinas Palabras Revolution, Curva España. Tamén traballou en obras de grupos como Tristáns (A Cappella o Muelle, 2000), Teatro do aquí (Rastros, de Roberto Vidal Bolaño, 1998), Moucho Clerk (O roixinol da breaña, dirixida por Quico Cadaval, 1993), Centro Dramático Galego (Un refaixo para a Celestina, 1993. O incerto sr. Don Hamlet, de A. Cunqueiro, 1991 Yerma, de García Lorca, 1990), Pifano (Tatuaxe, 1992), Elsinor Teatro (A canción do deserto, 1989).

Foi recoñecida cos seguintes premios: Mestre Mateo 2020, actriz protagonista por Eroski Paraíso; Xograresa de Outono 2019 concedido polo FIOT de Carballo pola traxectoria artística; mellor actriz protagonista FETEGA, O Carballiño por Eroski Paraíso, 2018; nos premios María Casares foi premiada como mellor actriz protagonista 2017 por Eroski Paraíso; mellor actriz secundaria 2014 por Eurozone emellor actriz protagonista 2012 por Citizen. Ademais, premio Maruxa Villanueva á traxectoria artística 2013; mellor actriz protagonista FETEGA 1999 O Carballiño por Rastros. Nomeamento á mellor actriz de reparto Mestre Mateo 2003 por Terras de Miranda.

Mónica García, Asturias 1966

Intégrase en Chévere no 1990 no "Congreso de Monstros". Posteriormente participa en Acibeche La vie en rose (1991), Río Bravo (1992) Big Bang (1992) e Cabaré Tan Tan (1994), acompañando os inicios da Sala Nasa. Tamén formou parte do elenco de Citizen (2010), Eurozone (2013), Viaxe ao país dos ananos (2014) e As Fillas Bravas (2014). Integrante do equipo base das Ultranoites.

Ao longo da súa carreira realizou numerosos cursos de formación e traballou con diferentes compañías como Compañía Marías, Espello Cóncavo, CDG e CDN, Ollomoltranvía, Factoría Teatro, Redrum Teatro. No eido audiovisual participou na serie de Pratos Combinados e Valderrei para a TVG. En cine, participou en filmes como A Esmorga, Para que no me olvides ou o Lapis do carpinteiro.

Entre os galardóns cos que foi recoñecida cóntanse os premios María Casares á mellor actriz secundaria por "Citizen" (2010), "Espectros" e "Bailando en verán", mellor actriz Festival de Curtametraxes de Sada por "Instalación", mellor actriz FETEGA O Carballiño por "Os homes só contan ata tres", e mellor intérprete feminina Agapi por "Aínda máis difícil"

Arantza Villar, Santiago 1976

Arantza Villar ten formación en interpretación, voz, clown, teatro de rúa, danza contemporánea, improvisación, cabaré, flamenco...No ano 2007 entra a formar parte do elenco do espectáculo de teatro científico "Alá no fondo hai sitio abondo". Forma parte do proxecto "As Fillas Bravas" desde o ano 2014. É colaboradora habitual das Ultranoites e ten participado noutros espectáculos premiados da compañía como "Citizen" (2010), "Eurozone" (2013), "Ultranoite no País dos Ananos" (2014) e como asistente de dirección en "Eroski Paraíso" (2016) e "Divinas Palabras Revolution" (2018). Tamén forma parte do equipo de formación dos obradoiros que imparte Chévere.

Foi finalista na categoría de mellor actriz por "Bilingüe" no Festival de Cans 2009 e nomeada no 2014 aos Premios María Casares na categoría de mellor actriz secundaria por Eurozone 2014.

Xron Vigo, 1965

Actor, dramaturgo, director e activista cultural, intégrase no Grupo Chévere en 1988 e participa desde entón en todas os proxectos da compañía. Realiza labores de creación de textos, produción teatral, interpretación, dramaturxia e dirección artística e escénica.

Os últimos traballos feitos son: Curva España (2019), Divinas Palabras Revolution (2018), Anatomía dunha serea (2018), Eroski Paraíso (2016), Goldi Libre (2016). En 1992 participa na creación da Nave de Servizos Artísticos-Sala NASA, onde se ocupa da xerencia e dirección artística ata 2011. Foi membro da xunta directiva da Red de Teatros Alternativos (1999-2003) e do Consello Asesor do Centro Dramático Galego (2006-2009).

Formou parte do Colectivo Burla Negra e da Plataforma Nunca Máis e participou na creación e desenvolvemento de proxectos de axitación cultural como "O País de Nunca Máis", "Foro Negro da Cultura" e "Hai que botalos". En 2010 participa na creación da plataforma dixital de contidos culturais Redenasa.tv. Dirixiu o programa de residencia teatral de Chévere en Teo (2012-2019) e o laboratorio de creación escénica A Berberecheira (2016-2020).

Manuel Cortés, Vilardevós 1966

Entra en contacto con Chévere no ano 1992 facendo unha substitución en Río Bravo. Desde aquela traballou como actor en case todas as producións da compañía ata 2014, destacando Big Bang (1992), Annus Horribilis (1994), A Rutina é o deber de todas as criaturas (1998), hero.es (1999), Río Bravo 02 (2002), Tentacular (2006), Citizen (2011), Eurozone (2013), Divinas Palabras Revolution (2018). Forma parte do equipo da Ultranoite desde os seus inicios (1993-2018) e ten participado como actor noutras producións do CDG .Combina a súa faceta escénica coa audiovisual. Como actor, protagoniza As Leis de Celavella (52 capítulos entre 2002-2004 para a TVG), Pepe o Inglés (28 capítulos entre 2005-2006), O ouro do tempo (2011) e Rafael (2007) de Xavier Bemúdez. Traballa como actor secundario en O lápis do carpinteiro (2011), de Antón Reixa, Crebinsky (2008), de Quique Otero, Doentes (2010) de Gustavo Balza, Vilamor (2011) de Ignacio Vilar, Invasor (2011) de Daniel Carpalsoro, Libro de Familia (entre 2007-2011) TVG, Matalobos (2011) TVG, El tiempo entre costuras (2012) Antena 3, Gran Hotel (2013) Antena 3, El Ministerio del Tiempo (2015) TVE, O sabor das margaridas (2018) TVG. Como escritor ten participado na escrita de moitas obras do grupo Chévere (Eroski Paraíso, As Fillas Bravas, Viaxe ao País dos Ananos, Eurozone, Citizen, Alá no fondo hai sitio abondo, Radio Universo, HumANA) e doutras compañías, artistas e grupos como Voadora, Redrum, Antón Coucheiro, Mofa e Befá, Cía. De María, Xosé Manuel Budiño, Os Quinindiola e Nicho Varullo. Tamén escribe para televisión (Land Rober, A Casa da Conexa, Escoba, Libro de Familia, Pepe o Inglés, As Leis de Celavella). Ten publicados dous libros de poesía: A rutina é o deber de todas as criaturas (1997) e Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados (co colectivo Ronseltz, 1994).